

Estimadas familias:

Como xa se informou no Consello Escolar do día 30/06/2024 no inicio de curso 2024-25 íanse realizar as obras de rehabilitación da cociña e do comedor do CPI. Por este motivo, o inicio de curso realizarase a través dun servizo de catering, Jardanay, ata que a cociña non poida comezar a funcionar. O catering servirase nas instalacións do ximnasio con axuda do noso persoal de cociña e das colaboradoras.

Durante todo este curso haberá dúas quendas de comedor:

1º quenda: EI e EP de 14:35 h a 15:00 h.

2º quenda: ESO de 15:05 h a 15:35 h.

Por tanto **TODO** o alumnado que faga uso do servizo de comedor **NON TERÁ TRANSPORTE ESCOLAR** (excepto o alumnado de Pantín, Vilarrube e Vilaboa que si terán) e terá que ser recollido polas familias antes das 15:45 h.

IMPORTANTE: O alumnado admitido no servizo de comedor que non queira facer uso do servizo un día terá que avisar á secretaría do centro **ANTES DAS 10:00 H DA MAÑÁ**, pola contra terá que pagar o prezo que lle corresponda.

Actualmente estamos á espera dunha posible ampliación de prazas de usuarios para poder admitir a todo o alumnado que solicitou o servizo xa que a demanda foi maior que a oferta. No caso de que esta ampliación non sexa posible será necesario baremar co cal se informará a aquelas familias que non poidan ser usuarias do servizo.

IMPORTANTE: As familias usuarias do comedor que rexeiten utilizalo mentres o servizo é de catering poden perder o seu dereito á praza se hai máis demanda que oferta.

A DIRECCIÓN